

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/39/2016	GOB10I0LX	
3L5I4R0J5C2J2U690428		

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASETE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS****SRES/AS ASISTENTES:****SR ALCALDE-PRESIDENTE:**

JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ

**SRES/AS CONCELEIROS/AS:**

D/D<sup>a</sup> MARIAN FERREIRO DIAZ  
D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO  
D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ  
D/D<sup>a</sup> NATALIA HERMIDA RICO  
D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL  
D/D<sup>a</sup> CATALINA MARIA GARCIA BLANCO  
D/D<sup>a</sup> PABLO VILLAMAR DIAZ

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ**SR. SECRETARIO XERAL:**D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezasete de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN EXPEDIENTE DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

**OUTÓRGASE** ao solicitante licencia de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar, situada no Lg. da Pena – A Faisca-, con suxeción as seguintes condicións:

- Axustarase en todo, as condicións especificadas na licencia de obras otorgada por Resolución do Concelleiro-Delegado de Urbanismo con data 5/Abril/2011
- Ademáis, os proxectos, anexos, planos fin de obra visados con data 14/Xuño/2011, certificado final de obra asinado e visado polo colexio oficial correspondente con data 3/Novembro/2014, e demais documentación presentada ós efectos.

**APRÓBASE** a taxa de liquidación da licencia de primeira ocupación por importe de **36,82 euros**.

e Dar conta aos servizos económicos e notificar ó interesado.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MERCA DE TERREO SITO NO LUGAR DE CAPELAS DE BAIXO-SEDES.- PRIMEIRO.-**

Aprobar a adquisición directa, pola imposibilidade de concurrencia na licitación, dunha finca sita no Lugar de Capelas de Baixo, finca nº 1456 da concentración parcelaria de Sedes, cunha superficie, de 6.360 m2,

Polo importe de 65.762,40 euros (SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS CON CORENTA EUROSEUROS)

**SEGUNDO.-** Que polo Sr. Alcalde se proceda, en nome e representación do concello á sinatura dos documentos precisos para formaliza-la referida adquisición.”

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MERCA DE TERREO NO CAMIÑO DAS COBAS.-**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la adquisición directa, pola imposibilidade de concurrencia na licitación, dunha finca sita no Camiño das Covas, cunha superficie de 2436 m2, hoxe segundo recente medición 2.662 m2

Polo importe de 45.435 euros (CORENTA E CINCO MIL CATROCIENTOS TRINTA E CINCO EUROS)

**SEGUNDO.-** Que polo Sr. Alcalde se proceda, en nome e representación do concello á sinatura dos documentos precisos para formaliza-la referida adquisición

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CO INSTITUTO DE ENSINANZA SECUNDARIA AS TELLEIRAS ANO 2016.-**

Vista a proposta formulada que di así: O Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 10-11-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I21L), que textualmente dí:

**“INFORME-PROPOSTA DA XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL**

**ASUNTO:** *Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, co Instituto de Ensinanza Secundaria As Telleiras en materia de Educación e Formación.*

*O Técnico en Xestión Sociocomunitario que subscree, xefe substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :*

**ANTECEDENTES:**

*O Concello de Narón, a través do Servizo Sociocomunitario municipal leva varios anos colaborando con distintas Administracións para desenvolver programas en materia de educación e formación.*

*No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de continuar esta colaboración para promover o desenvolvemento social.*

*Analizada a necesidade e oportunidade dun acordo de colaboración co IES As Telleiras, o impacto positivo no alumnado beneficiario desta actuación, e a non necesidade de crédito para esta colaboración, o Concello de Narón ve a conveniencia deste proceder.*

*O IES As Telleiras é un centro educativo público situado en Narón que desenvolve actividades de interese comunitario para este municipio .*

*Este convenio non implica aportación económica por ningunha das partes.*

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

- *R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*
- *Lei 38/20003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- *R.D. 887/20006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.( substituída pola Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.*
- *Bases de execución do presente orzamento.*
- *Informe xurídico do departamento de Organización e RR.HH.*

*A VISTA DO ANTERIOR, O TÉCNICO DE XESTIÓN SOCICOMUNITARIO, XEFE SUBSTITUTO DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, INFORMA A CONCELEIRA DELEGADA EN MATERIA DE FORMACIÓN, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DA SEGUINTE PROPOSTA:*

*-Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o Instituto de Ensinanza Secundaria as Telleiras ,en materia de Educación e Formación, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016.”*

Logo de ver o informe de data 10-11-2016, a Concelleira delegada en materia de Formación, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A SOCIEDADE DEPORTIVA O VAL DE NARÓN..-**

*Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 30 de setembro de 2016, ditou o informe proposto, que textualmente transcrito di:*

***“INFORME - PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A SOCIEDADE DEPORTIVA O VAL***  
*De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA*

***A ) ANTECEDENTES***

*O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre os seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.*

*Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura o da Sociedade Deportiva O Val.*

*Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, a Sociedade Deportiva O Val, ten os seus datos actualizados.*

*Logo de ver que a Sociedade Deportiva O Val, presentou a seguinte documentación:*

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Acta de Reunión da Sociedade Deportiva O Val.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable do seguro que posúe o Club e certificación da Compañía Aseguradora.*
- *Declaración responsable da estrutura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*
- *Aval Bancario por importe de 42.840,00 €.*

## **B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 13 de setembro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para acceder ao dito convenio.*

## **C) INFORME-PROPOSTA**

*A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:*

***- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Sociedade Deportiva O Val, para o desenvolvemento das actividades do dito Club por importe de 42.000,00, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.***

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”*

*Visto que a Intervención Xeral en data 16 de novembro, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 30 de setembro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015*

## **PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- *Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.*

**VOTACIÓN E ACORDO.-** *A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.*

**7 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ESCOLA SUPERIOR DE KARATE.-** *Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 4 de outubro de 2016, ditou o informe-proposta, que textualmente transcrito di:*

### ***“INFORME - PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ESCOLA SUPERIOR DE KÁRATE***

*De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto fórmulase o seguinte* **INFORME-PROPOSTA**

#### **A ) ANTECEDENTES**

*O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre os seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.*

*Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura o da Escola Superior de Kárate. Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, a Escola Superior de Kárate, ten os seus datos actualizados.*

*Logo de ver que a Escola Superior de Kárate, presentou a seguinte documentación:*

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación de acordó de Solicitude e nomeamento do representante.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable do seguro que posue o Club.*
- *Declaración responsable da estrutura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*
- *Aval Bancario por importe de 9.180,00 €.*

**B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 3 de outubro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para acceder ao dito convenio.*

**C) INFORME-PROPOSTA**

*A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:*

**- Aprobación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Escola Superior de Kárate, para o desenvolvemento das actividades do dito Club por importe de 9.000,00, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.**

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno”.*

Visto que a Intervención Xeral en data 16 de novembro, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 4 de outubro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015

**PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- Aprobación da proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CLUB BALONMAN NARÓN.-** Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 19 de outubro de 2016, ditou o informe-proposta, que textualmente transcrito di:

**“INFORME - PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CLUB BALONMÁN NARÓN**

*De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto fórmase o seguinte INFORME-PROPOSTA*

**A) ANTECEDENTES**

*O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre o seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.*

*Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura o do Club Balonmán Narón .*

*Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, o Club Balonmán Narón , ten os seus datos actualizados.*

*Logo de ver que o Club Balonmán Narón, presentou a seguinte documentación:*

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación de acordó de Solicitud e nomeamento do representante .*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable do seguro que posúe o Club.*
- *Declaración responsable da estrutura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*
- *Aval Bancario por importe de 9.690,00 € .*

#### **B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 18 de outubro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para acceder ao dito convenio.*

#### **C ) INFORME-PROPOSTA**

*A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:*

*- Aprobación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Club Balonmán Narón , para o desenvolvemento das actividades do dito Club por importe de 9.500,00, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno..”*

Visto que a Intervención Xeral en data 16 de novembro, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 19 de outubro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

#### **PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- Aprobación da proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **9 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CLUB ACORDES NARÓN.-**

*Vista a proposta formulada que di así: O administrador-xerente, con data 10 de outubro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:*

#### **“INFORME - PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

*De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto fórmulase o seguinte **INFORME-PROPOSTA***

#### **A ) ANTECEDENTES**

*O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre o seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.*

*Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura a do Club de Acordes Narón de Ximnasia Rítmica .*

*Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, o Club Acordes Narón , ten os seus datos actualizados.*

*Logo de ver que o Club Acordes Narón presentou no Servizo de Deportes a seguinte documentación:*

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable do seguro que posúe o Club.*
- *Declaración responsable da estrutura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*

**B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 7 de outubro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para acceder ao dito convenio.*

*A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte:*

**C) INFORME-PROPOSTA**

**- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Club Acordes Narón de Ximnasia Rítmica, para o desenvolvemento da actividade Xeral de Ximnasia Rítmica, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.**

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.”*

Visto que a Intervención Xeral en data 16 de novembro, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 10 de outubro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2015

**PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**10 .- DAR CONTA DE VARIAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES AOS GARGOS DE PROTECCIÓN CIVIL: B 49/14, B 51/14, B 52/14, B 53/14; B 54/14, B 55/14, B 56/14 E B 57/14.-** :Dase conta de varias resolucións aprobando eses cargos para varios administrados.

**11 .- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ALTAS E BAIXAS DA TAXA DE RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS.-** Dase conta das seguintes resolucións: A Compañía de Servizos Medioambientales do Atlántico S.A.- COSMA-, como adxudicatarios do contrato do servizo de recadación da taxa da recollida de residuos sólidos urbanos do Concello de Narón, achegou a relación das altas e baixas tramitadas nos meses de abril a outubro de 2016, seguintes:

MES	ALTAS	BAIXAS
ABRIL	77	78
MAIO	48	56
XUÑO	62	59
XULLO	74	63
AGOSTO	84	56
SETEMBRO	69	46
OUTUBRO	56	63

Dase conta a esa Xunta de Goberno Local da relación de altas e baixas na taxa de recollida de refugallos sólidos urbanos, correspondentes aos meses de abril a outubro do ano 2016.



## **12 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2016.-**

**Primeiro:** Apróbase o padrón fiscal correspondente á taxa por servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario, correspondente ao **mes de novembro do ano 2016**, , cun importe de 3.406,70 euros e 418 usuarios.

**Segundo:** De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 24 de novembro de 2016 ata o 24 de xaneiro de 2017, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Quinto:** Proceder ao cobro, por vía telemática a través do Caderno 19, dos recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **13º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI